



20 JUN. 2017

SAÍDA Nº 992

REQUIRIMENTO DA ALCALDÍA:

Nº Expediente: 2016/C005/000003

Asunto: Contratación da obra "DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA"

A Mesa de contratación, na súa reunión de data 16.06.2017, acordou requirir á seguinte empresa, para presentar a documentación necesaria para continuar coa adxudicación do contrato "DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA" por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa:

Empresa: **OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.**

Prezo: **31.447,00 euros e 6.603,87 euros de IVE, (total : 38.050,87 euros)**

Prazo: **oito (8) semanas**

Polo tanto, requireselle para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise esta notificación, presente a seguinte documentación:

- a) Documentación á que se refire a cláusula 15.1 do Prego de cláusulas administrativas.
- b) Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP, a cal ascende a **1.572,35 euros**.
- d) Aportarase a seguinte documentación:
  - Características técnicas: Deberá xustificar as características técnicas, homologacións, modelos e dimensións dos xogos e da totalidade dos materiais, para comprobar a total conformidade có proxecto. A Dirección Facultativa aprobará os materiais, conforme ao prego do proxecto.
  - Plan de seguridade e saúde: Deberá aportar o plan de seguridade e saúde conforme ao contido do proxecto e ao exposto na oferta realizada, que incluírá alomenos a avaliación de riscos, indicación da ubicación das instalacións auxiliares da obra (casetas, acopios, contenedores, zonas de aparcamento) e medidas de sinalización, identificación e protección, programa de traballos, xustificación da porcentaxe destinada á prevención, planos.
  - Plan de emerxencia e autoprotección: Deberá aportar o plan de emerxencia e autoprotección conforme ao contido do proxecto e ao exposto na oferta realizada, e incluírá a designación da persoa coa función de "Jefe de la Unidad de Prevención".
  - Xestión de residuos: Deberá aportar o plan de xestión de residuos conforme ao contido do proxecto e ao exposto na oferta realizada, en particular indicaráse a ubicación da oficina técnica a pé de obra, con indicación do material e designación de persoa ao cargo.
  - Control de calidade: Deberá aportar a documentación de control de calidade conforme ao contido do proxecto e ao exposto na oferta realizada, en particular indicaráse a ubicación da oficina técnica a



pé de obra, con indicación do material e designación de persoa ao cargo. Inclúirase en todo caso a inspección por empresa externa que verifique que a superficie e os equipamentos de xogo infantís instalados cumpren as condicións de seguridade requiridas. A Dirección Facultativa aprobará o laboratorio e plan de control de calidade, conforme ao prego do proxecto.

Cedeira, 20 de xuño de 2017

O alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil

**OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.**

Políg. Ind. de Espiñeira, parc. 6-B

15930 – BOIRO

[soluciones@oziona.com](mailto:soluciones@oziona.com)